



Concello de Vilaboa

Expediente núm.: 343/2023

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de persoal e provisións de postos

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.
Proposta da concelleira	22/11/2022
Informe de Secretaría	2022-096 e 111
Bases que deben rexer a convocatoria e o proceso de selección	22/11/2022
Resolución de Alcaldía	2022-1046 19/12/22
Anuncio no Boletín Oficial da Provincia	27/12/2022
Anuncio no BOE	05/01/2023
Comunicación aos organismos que deban propor membros do tribunal	10/03/2023
Resolución de Alcaldía aprobando a lista provisional	2023-0128 23/02/2023
Comunicación aos membros do tribunal	20/03/2023
Resolución de Alcaldía aprobando a lista definitiva	2023-0221 20/03/2023
Anuncio taboleiro sede electrónica	24/02/2023 a 10/03/2023
Acta de baremación	24/03/2023
Anuncio do resultado da baremación	28/03/2023
Resolución de Alcaldía aprobando a proposta do tribunal	2023-0256 28/03/2023
Documentación aportada pola interesada	2023-E-RC-995 do 5 de abril

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o artigo 136 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; e o artigo 7 do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Nomear a Montserrat Carabelos Casalderrey para a contratación como traballadora social, na condición de persoal laboral fixo.

SEGUNDO. Aprobar e dispor a cantidade de 2464,83 euros mensuais á que ascende a retribución mensual da traballadora social segundo a RPT, ao que hai que engadir a cota á seguridade social e antigüidade.

TERCEIRO. Notificar a presente resolución á interesada, comunicándolle que deberá tomar posesión da praza e asinar o contrato correspondente no prazo de 5 días hábiles.

Do mesmo xeito, comunicaráselle que a súa incorporación ao posto de traballo será con data 14/04/2023.

Así mesmo, informaráselle achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

CUARTO. Publicar o nomeamento no BOPPO e no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste





Concello de Vilaboa

Concello <http://vilaboa.sedelectronica.es>.

QUINTO. Comunicar ao Rexistro de Persoal, aos efectos oportunos.

SEXTO. Proporcionar a información estatística correspondente aos resultados do proceso de estabilización de emprego temporal a través do Sistema de Información Salarial do Persoal da Administración.

SÉTIMO. Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo de dez días seguintes á súa concertación.

OITAVO. Informar á representación legal dos empregados da contratación, aos efectos que procedan.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 4K3G44WXXDGTJH7G/WK5XNDNH
Corrección: <https://vilaboa.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

